

O GALO QUIRICO



Había unha vez un galo fachendoso e mentireiro que se chamaba Galo Quirico. Un día recibiu unha invitación de voda, pois, ao domingo seguinte casaba o Tío Perico.

O Galo Quirico púxose moi contento e, así que chegou o día sinalado, levantouse moi cedo, arranxouse e púxose o seu mellor traxe de plumas douradas e de cores e encamiñouse cara á voda.

Pero, cando ía polo camiño, atopouse nunha charca ao noso amigo vermiño e, ao ver ao Galo Quirico preguntoulle:

- _ Onde vas, Galo Quirico, con ese traxe de plumas tan rico?
- _ Vou á voda do Tío Perico.
- _ Lévame contigo, Galo Quirico!
- _ Ah, pois mira, aproveito que aínda non almorcei hoxe!

E dun gran picotazo tragouse ao pobre Vermião, e claro, manchouse de barro o pico.

Seguiu o noso galo camiño adiante presumindo do guapo e apostou que ía e, nisto, atopouse con Mama Ovella, que lle dixo:

- _ Onde vas, Galo Quirico, con ese traxe de plumas tan rico e todo de barro manchado o teu pico? Ja, ja, ja!
- _ Por favor, Mama Ovella, límpame o pico, que vou á voda de Tío Perico!
- _ Está ben, Galo Quirico, pero antes dime: onde está Vermião?
- _ Que se eu, que se eu? Que o busque o que sexa máis listo!

E dixo entón Mama Ovella:

- _ Verme, Vermião, onde estás que hoxe non te vin!
- _ Aquí estou, na tripa do Galo Quirico, que me leva á voda de Tío Perico!

- _ Viches, viches, mal bicho Quirico! Por que me mentiches? Toma, toma, límpate o pico!

Co, co, co, co! queixouse O Galo Quirico. E afastouse dolorido polos paus que lle deu Mama Ovella.

Pero pronto o esqueceu e Galo Quirico seguía presumindo camiño da voda de Tío Perico. De súpeto, atopouse a Mama Lume que lle dixo:

_Bos días, Galo Quirico! onde vas con ese traxe de plumas tan rico e todo de barro manchado o teu pico?

_ Vou á voda de Tío Perico, pero, por favor, Mama Lume, límpame o pico!

_ Conforme, Galo Quirico, pero antes dime: onde está Vermião?

_ Que se eu, que se eu? Que o busque o que sexa máis listo!

E dixo Mama Lume:

_Verme, Vermião, onde estás que hoxe non che vin!

_Aquí estou aquí, na tripa de Galo Quirico, que me leva á voda de Tío Perico!

_ Viches, viches, mal bicho Quirico? Por que me mentiches? Toma, toma, límpate o pico!

Co, co, co, co! ?queixouse Galo Quirico, dolorido polas chamuscas e coas plumas queimadas; espantoso quedou o mentireiro galo.

Seguiu camiño adiante e atopouse a Mama Nube que con moita ironía lle preguntou:

_ Onde vas, Galo Quirico, co traxe queimado e o pico tan sucio de barro?

_ Vou á voda de Tío Perico, pero, por favor, Mama Nube, límpame o traxe e o pico!

_Moi ben, Galo Quirico, pero dime: onde está o noso amigo Vermião?

_ Que se eu, que se eu? Que o busque o que sexa máis listo!

E dixo Mama Nube:

_Verme, Vermião, onde estás que hoxe non che vin!

_Aquí estou, na tripa de Galo Quirico, que me leva á voda de Tío Perico!

_Viches, mentireiro Galo Quirico! Por que me mentiches? Límpate ti as plumas e o pico!

E Mama Nube descargou todo a auga que levaba encima de Galo Quirico, que quedou horrible, coas plumas queimadas, cheo de auga e de barro.

Por fin chegou á voda e un cociñeiro que o viu díxose: "Mira por onde aquí vén o pito que me faltaba para o guiso!". Nun tris colleuno e o guisouno e, cando o estaban comendo, dixo un dos convidados:

_ Mirade, mirade!!! no meu prato quen hai!

Era Vermião que estaba vivo e, ao sabelo, todos se puxéron moi contentos e celebraron a voda cantando e bailando.

E colorín, colorado, este conto está rematado.